

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta programación está deseñada para levarse a cabo na aula de 4 anos do curso 2023-2024, está formada por 14 alumnos, dos que 13 xa estaban integrados no centro e un neno de nova incorporación.

A programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º de EI co fin de que os nenos e as nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Esta construción involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por tarefas, actividades e exercicios. Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma centro de interese, sempre favorecendo que xurdan do interese das nenas e nenos. Atoparemos tres unidades didácticas (a modo de proxecto) unha en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1			1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Apócema de outono.	<p>Esta unidade traballa o medio natural e social, e por iso, os nenos deberán iniciar unha misión que lles permitirá ser aprendices de apócemas e internarse nunha aventura de busca de ingrediientes.</p> <p>Tipo de misión: Esta é unha misión de planificación. Deben resolvelas a través da planificación de tarefas. Cada desafío é independente dos demais.</p> <p>Misión: Recompilar tres ingredientes para elaborar un apócema</p> <p>Logro final: Elaborar unha apócema para curar os animais do bosque.</p>	105	X		
2	Intriga no museo.	<p>Esta unidade traballa a arte e ,por iso, os nenos deberán abordar unha misión que lles permitirá ser axudantes de detectives e internarse nunha intrigante aventura no museo.</p> <p>Tipo de misión: Esta é unha misión de resolución. Deben resolvela a través da dedución. Cada desafío é independente dos demais.</p> <p>Misión: Atopar tres obras de arte que desapareceron do museo.</p> <p>Logro final: Resolver os casos.</p>	90		X	
3	A cápsula do tempo.	<p>Esta unidade traballa a ciencia e a tecnoloxía e, por iso, os nenos deberán embarcarse nunha misión que lles permitirá se axudantes de buscadores de inventos e adentrarse nunha grande aventura relacionada co marabilloso mundo dos inventos.</p> <p>Tipo de misión: esta é unha misión dun rol. Deben resolvela en primeira persoa a través dunha produción. Cada desafío é independente dos demais, pero sumativo de cara a misión.</p> <p>Misión: Atopar inventos e seleccionar tres.</p> <p>Logro final: Deseñar unha cápsula do tempo e introducir nela os tres inventos que máis gustan.</p>	85			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Apócema de outono.	105

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibiliddes motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións de xeito guiado sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá mostrando iniciativa.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda tanto a adultos coma compañeiros/as.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respeta os tempos das actividades cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito guiado colaborando e aceptando as normas.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respeta os tempos das actividades cotiás.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona coas demais persoas nas súas actividades cotiás.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos e control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos e co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade prazenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

Contidos

- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Intriga no museo.	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo.	TI
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece semellanzas e diferenzas nas persoas.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá mostrando iniciativa.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións.	
CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións de xeito guiado sobre os seus gustos, preferencias e inqedanzas.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar os tempos das actividades cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito guiado colaborando e aceptando as normas.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respetar os tempos das actividades cotiás.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgúns persoas implicadas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais, mostrando interese por coñecerlas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos e control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade prazenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.

Contidos

- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuizos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	A cápsula do tempo.	85

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo coas súas partes máis importantes.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Controla os útiles de maior uso.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá mostrando iniciativa.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Iníciase no emprego de estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Controla os útiles de maior uso.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respeta os tempos das actividades cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito guiado colaborando e aceptando as normas.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá mostrando iniciativa.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respeta os tempos das actividades cotiás.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Imita situacións no xogo simbólico rexeitando os estereotipos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a

Contidos

- hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía baséase no principio da aprendizaxe significativo, partindo dos coñecementos previos dos nenos e nenas e conectando cos seus intereses e necesidades, facéndoos deste modo protagonistas do seu procedemento de aprendizaxe.

É fundamental, ademais, ter sempre en conta o principio de globalización, interrelacionando as tres áreas ou ámbitos de experiencia que forman o currículo, pois o acercamento dos nenos e nenas a realidade que se quere coñecer é global.

A ensinanza ten que ser activa, polo que daremos ocasión a que os nenos/as participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe, alentando o desenvolvemento da súa imaxinación e a súa capacidade de observación.

Tamén teremos moi en conta o principio de socialización, valorando constantemente a participación, o compañeirismo, a axuda e o respecto cara os demais, de xeito que os nenos/as aprendan a convivir e vaian superando pouco a pouco o egocentrismo característico destas idades.

O principio de participación da familia na escola é fundamental na etapa de infantil. Considerando especialmente as limitacións que poidamos ter neste sentido dado o contexto sociocultural do noso alumnado, promovendo a colaboración e a participación das familias e fomentaremos o establecemento de criterios comúns e pautas homoxéneas de actuación que favorezan o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento armónico da personalidade dos nenos e nenas.

A acción educativa baséase na creación dun clima de seguridade afectiva, que permita os nenos/as acercarse o mundo que os rodea e establecer a súa primeira relación social co adulto e os seus iguais.

Estableceranse unhas rutinas de clase, como compoñente de constancia e regularidade, que aportarán o alumnado a seguridade de saber qué facer en cada momento.

Darase importancia as asembleas como base para o desenvolvemento da súa competencia lingüística.

As actividades terán fundamentalmente un carácter lúdico, pois o xogo é unha das principais fontes de aprendizaxe e desenrolo nestas idades. Serán principalmente, manipulativas, participativas e activas.

Realizaranse, por tanto, todo tipo de xogos: dirixido, libre, manipulativo, simbólico, de imitación.

Darase gran importancia as actividades basadas na observación e a experimentación, orientadas a estimular a curiosidade dos nenos e nenas.

Alternaranse as actividades individuais con actividades e xogos grupais, orientadas fundamentalmente a fomentar os valores da convivencia.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación	
1.	Materiais que desenvolven o pensamento lóxico.*
2.	Materiais para o desenvolvemento da representación e xogo simbólico. *
3.	Materiais para o desenvolvemento da expresión oral: Coleccións de imaxes, láminas e murais, bits, bits de lectura, libros para ver e contar.
4.	Materiais para o desenvolvemento da expresión plástica: Caixa de xices, témperas flúor, limpapipas, ollos móbiles, bolsa zip, paus de cores variadas, goma eva de cores, cartolinas,...
5.	Materiais para o desenvolvemento musical e corporal: instrumentos musicais, o seu propio corpo, estruturas de goma eva, aros, cordas, balóns, conos, canastra de baloncesto...
6.	Materiais audiovisuais: Ordenadores de aula, tablet de aula, proxector, pantalla dixital, reproductor musical,
7.	Materiais impresos. *

*Materiais para o desenvolvemento da representación e xogo simbólico serán por exemplo:

- Materiais non estruturados: botóns, madeiras, cortizas, bolsas, paus, piñas, cordas...
- Materiais recollidos da comunidade (mediante achegas da familia ou do barrio): vaixelas, obxectos da cociña, pinzas, rolos, bixutería, zapatos de adultos, roupa de adultos, bolsos, roupa de bebé, sombreiros...
- Materiais que se adquiren no comercio: cociñas, garaxes, mercados, casiñas de monecas, monecos articulados, animais de plástico, maletín de médico ou carpinteiro, teléfonos, máquinas de fotos, e é destacable monicreques ou teatro de marionetas, xa que ten especial importancia desde o punto de vista do desenvolvemento da linguaxe.

*Materiais que desenvolven o pensamento lóxico:

Estes materiais permitirannos realizar actividades de comparación, asociación, ordenación, clasificación, seriación, medición e contaxe.

- Para ordenar, usaremos obxectos que diminúan progresivamente en tamaño, en ton de cor, en peso, etc. como bólas de ensartar, caixas para introducir unhas dentro doutras, tazas, vasos, medidas de capacidade, etc.
- Para seriar, usaremos obxectos que poidan ir alternando diferentes formas, tamaños, cores... como por exemplo, botóns, xoguetes, bolsas, carretes de fío...

*Materiais impresos:

- Para o docente: material de proxectos editoriais, currículos de Educación Infantil, documentos do centro, programacións, documentos de congresos, seminarios...
- Para os nenos: cadernos de traballo do proxecto editorial e o resto de materiais do proxecto (por exemplo, láminas de arte, láminas de vocabulario, bits de intelixencia), murais de imaxes, láminas creadas no centro, contos, cómics, libros de imaxes, fotografías, libros da natureza, de civilizacións, doutros países e contornos, literatura infantil.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lincguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adeuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da lincguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese

por aprender.

- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo distintos modelos.
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer condutas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, familia ou tutores legais, PT do centro e logopeda).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de esteriotipos.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades do Programa Didáctico do Concello de Santiago.	Asistir a tres representacións teatrais, unha en cada trimestre que oferta o Concello de Santiago.	X	X	
Visita a unha granxa-escola (aínda por determinar).	Participar nas diferentes tarefas do coidado dos animais.			X
Visita a Biblioteca A Fundación.	Participar nunha sesión de contacontos, e coñecer as normas de comportamento na Biblioteca.		X	
Participar no programa "Proxectos de Vida Activa e Deportiva".	Merendas saudables, dous días a semana, e facer un circuito semanal de actividade física.	X	X	X
Colaborar nas distintas actividades propostas dende a biblioteca do centro.	Actividades para celebra as diferentes festividades.	X	X	X
Festas da Milagrosa.	Participar na carreira pedestre do cole coa posterior entrega de trofeos.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Confección de máscaras do entroido e photocall.	Con axuda dos nenos/as confeccionaremos as máscaras do entroido,		X	
Festival fin de curso.	Para celebrar o remate de curso participaremos no festival onde asistirían todas ás familias.			X
Celebración do Magosto	Todo o alumnado participa na celebración do magosto que organiza a ANPA do colexio.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Temporalización de actividades adecuada.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Metodoloxía empregada
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados